



En Lalín, a 12 de junio de 2026

CONVOCATORIA DE ELECCIONS A ASEMBLEA XERAL, COMISIÓN DELEGADA E PRESIDENCIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

I. De conformidade có establecido no Decreto 16/2018, de 15 de febreiro de 2018, polo que se establecen as bases e criterios para a elaboración de regulamentos electorais que deben rexer a realización de procesos electorais nas Federacións Deportivas Galegas, e no Regulamento Electoral para o proceso electoral de 2026, aprobado o 18 de maio de 2026 pola Secretaría Xeral para o Deporte, procédese á **CONVOCATORIA DE ELECCIONS** dos membros da Asemblea Xeral, Presidencia e Comisión Delegada, da Federación Galega de Automobilismo. Establécese como data límite de toma de posesión dos novos membros electos dos órganos de representación e goberno, o 31 de decembro de 2026.

II. O proceso electoral regúlase polo **Regulamento Electoral**, a disposición no taboleiro de anuncios na sede da Federación Galega de Automobilismo, e na páxina web de la F. G. de A., www.fga.es para a súa consulta.

III. A interpretación e aplicación do Regulamento e a resolución das reclamacións que se presenten, é competencia da Xunta Electoral, que ten o seu domicilio na sede da Federación Galega de Automobilismo, Rúa B, nº 72, 36500, Lalín (Pontevedra), e dirección de correo electrónico, xuntaelectoral2026@fga.es

IV. A composición da Xunta Electoral, elixida pola Asemblea Xeral, é a seguinte:

TITULARES:

- D. Luis Alberto Villar González (Presidente);
- D. Andrés Hermida-Cachalvite Manzano (Secretario);
- D. Carlos Lamas Fernández.

SUPLENTES:

- D. Julio Bouzo Couceiro;
- D. César Lorenzo Lage;
- D.^a Vanesa Dopico Hermida.

O prazo de recusación dos membros da Xunta Electoral finaliza o 17 de xuño de 2026.

V. O **CENSO ELECTORAL PROVISIONAL** dividido por estamentos e especialidades, está publicado dende hoxe no taboleiro de anuncios da Federación, e na páxina web www.fga.es, no apartado de procesos electorais.

VI. A Asemblea Xeral estará composta por 64 membros, distribuídos de conformidade con art. 18 do Regulamento Electoral, tal e como segue:

- a) CORENTA E CATRO (44) representantes de entidades deportivas distribuídas por cada especialidade:
- 26 de entidades deportivas organizativas/ participativas en Rallyes, incluídos rallysprints e rallymix;
 - 8 de entidades deportivas organizativas/ participativas en Montaña;
 - 4 de entidades deportivas organizativas/ participativas en Autocross;
 - 4 de entidades deportivas organizativas/ participativas en Slalom;
 - 2 de entidades deportivas organizativas/ participativas en Karting;
- b) TRECE (13) representantes de deportistas, distribuídos por cada especialidade:
- 5 representantes do estamento de pilotos/copilotos de Rallyes, incluídos rallysprints e rallymix;
 - 2 representantes do estamento de deportistas de Montaña;
 - 1 representantes do estamento de deportistas de Autocross;
 - 1 representante do estamento de deportistas de Slalom;
 - 1 representante do estamento de deportistas de Karting;
 - 1 representantes do estamento de pilotos/navegantes de Todo terreno, 4X4, Rutas, Raid e Quad;
 - 2 representantes de Deportistas Galegos de Alto Nivel.
- c) SETE (7) representantes de xuíces/árbitros, distribuídos por cada especialidade:
- 1 representante de cronometradores (JCR e CR);
 - 2 representantes de comisarios técnicos (JCT e CT);
 - 1 representante de comisarios de ruta e xefes de treito (JPR e PR);
 - 3 representantes de comisarios deportivos, secretarios de prava, relación cos participantes e directores de carreira (CD, SP, ORC e DC).

Unha vez aprobado o censo electoral definitivo, e tendo en conta o número de membros do estamento de entidades deportivas, a Xunta Electoral, no prazo máximo de dous días hábiles, fixará o número concreto de membros de cada estamento, segundo as porcentaxes e criterios establecidos no regulamento electoral.

VII. O calendario electoral está publicado no taboleiro de anuncios na sede da Federación Galega de Automobilismo, e na páxina web www.fga.es.

A data de celebración da votación presencial a membros da Asemblea será o 15 de novembro de 2026, de 10:00 a 14:00 horas.

VIII. Os **modelos oficiais de sobres e papeletas** están publicados no taboleiro de anuncios na sede de la Federación Galega de Automobilismo, e na páxina web www.fga.es.

IX. Constituiranse catro mesas electorais, unha por provincia, para a elección dos membros da Asemblea Xeral, que terán as seguintes ubicacións:

- En Ourense, estará ubicada na Delegación en Ourense da Xunta de Galicia (Casa de Chocolate), Avenida da Habana 79, 32004 Ourense.

- En Pontevedra, estará ubicada na sede da Federación Galega de Automobilismo, en Rúa B nº 72, baixo, 36500, Lalín (Pontevedra).

- En A Coruña, estará ubicada na sede da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), Rúa de Madrid nº 2, 15707 Santiago de Compostela.

- En Lugo, estará ubicada na Delegación en Lugo da Xunta de Galicia, Edificio Administrativo, Ronda da Muralla nº 70, 27003 Lugo.

A hora de apertura das mesas electorais será as 10:00h. da mañá, e pecharán ás 14:00h.

X. A partir do día seguinte ó da presente convocatoria, ábrese o prazo para solicitar o **voto por correo** ante a Xunta Electoral, que se desenrollará de conformidade có establecido no art. 30 do Regulamento Electoral. O envío do voto por correo deberá realizarse antes do sexto día hábil previo á data de celebración das eleccións, e deberá dirixirse á **“SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE, RÚA MADRID Nº 2-4, 2º (Fontiñas), C.P. 15782, Santiago de Compostela (A Coruña).**

XI. A Xunta Directiva da Federación Galega de Automobilismo queda disolta, constituíndose a comisión xestora para o exercicio das súas funcións.

D. Antonio Rodríguez Troitiño
Presidente da F.G. de A.

